

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 22.01.2020

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 61477 (10/CPC-000125)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, por petición propia, para dar conta das medidas de integridade institucional e prevención de riscos de xestión que implantará a Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 590, do 15.01.2020

Punto 2. Preguntas

- 2.1 60536 (10/POC-009436)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a garantía pola Xunta de Galicia da plena operatividade do plan de emerxencia exterior do Polígono Grela- Bens da refinería de Repsol Petróleo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 2.2 60757 (10/POC-009519)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o motivo polo cal a Xunta de Galicia favorece un organismo que favorece a implantación da coordinación parental que lexítima o inexistente síndrome de alienación parental, así como si considera que é compatíbel a apertura do Servizo de Apoio Familiar Integral e Multidisciplinario (SAFIM) cos consensos impulsados arredor da lei galega de violencia machista en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020

Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 58458 (10/PNC-004662)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa normalización lingüística na Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 560, do 13.11.2019

- 3.2 59814 (10/PNC-004773)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da normativa vixente en materia de linguaxe inclusiva
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 576, do 13.12.2019
- 3.3 60310 (10/PNC-004828)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre os medios dos que dispoñen os concellos de Alta Montaña para facer fronte ás nevadas, estudando solucións e alternativas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 584, do 07.01.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

José Manuel Rey Varela

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
María Teresa Porritt Lueiro	S
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Carmen Santos Queiruga	GCE
Luis Villares Naveira	M

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 22.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 22.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 61477(10/CPC-000125)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa,
por petición propia, para dar conta das medidas de
integridade institucional e prevención de riscos de xestión
que implantará a Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 590, 15.01.2020



13/01 2020 14:59 FAX 00981541211

0001/0001



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para dar conta das medidas de integridade institucional e prevención de riscos de xestión que implantará a Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela..

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Adxunto por: GARCÍA-SERODIANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e Hora: 13/01/2020 12:21:06

CNE CERTIFICADA
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 22.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 22.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 60536(10/POC-009436)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a garantía pola Xunta de Galicia da plena operatividade do plan de emerxencia exterior do Polígono Grela- Bens da refinería de Repsol Petróleo

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 13:23:09
Nº Rexistro: 60536
Data envío: 26/12/2019 13:23:09.560

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Isabel Novo Fariña, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, María Julia Rodríguez Barreira, José Manuel Rey Varela, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O RD 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, ten por obxecto a prevención de accidentes nos que interveñan este tipo de substancias, así como a limitación das súas consecuencias, coa finalidade de protexer ás persoas, os bens e o medio ambiente.

En base a iso, as industrias químicas invisten cada ano na mellora da seguridade das súas instalacións, e dispoñen dun plan de emerxencia interior que activarían en caso de accidente e permitiría mobilizar os recursos de emerxencia cos que contan.

Ademais, ao abeiro desta normativa, tamén a Xunta de Galicia está obrigada a elaborar os plans de emerxencia exterior que contemplan os escenarios de accidentes, os membros dos equipos actuantes, a relación de substancias químicas e os seus efectos, así como os medios e recursos necesarios para resolver a emerxencia e garantir a seguridade da poboación e os bens do entorno dos establecementos.

Na nosa comunidade temos unha gran industria química, a refinería de Repsol Petróleo, que se atopa moi próxima as poboacións dos concellos de Arteixo e A Coruña, polo que ter actualizado o plan de emerxencia debe considerarse unha acción prioritaria.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión.

-Como garante a Xunta de Galicia que o plan de emerxencia exterior do Polígono Grela- Bens da refinería de Repsol Petróleo está plenamente operativo?

-Cantos simulacros do plan de emerxencia exterior se levan executados no Polígono da Grela-Bens?

-Está prevista a revisión do Plan de Emerxencia exterior do Polígono Grela-Bens?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-BENSTROVAvwK13Etn9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 13:23:09
Nº Registro: 60536
Data envío: 26/12/2019 13:23:09.560

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 26/12/2019 13:18:29

María Isabel Novo Fariña na data 26/12/2019 13:18:51

Jacobo Moreira Ferro na data 26/12/2019 13:19:01

María Julia Rodriguez Barreira na data 26/12/2019 13:19:14

José Manuel Rey Varela na data 26/12/2019 13:19:30

Antonio Mouriño Villar na data 26/12/2019 13:19:50

Alberto Pazos Couñago na data 26/12/2019 13:20:06

Diego Calvo Pouso na data 26/12/2019 13:20:32



CSV: REXISTROyAwK13Em9

Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 22.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 60757(10/POC-009519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o motivo polo cal a Xunta de Galicia favorece un organismo que favorece a implantación da coordinación parental que lexitima o inexistente síndrome de alienación parental, así como si considera que é compatíbel a apertura do Servizo de Apoio Familiar Integral e Multidisciplinario (SAFIM) cos consensos impulsados arredor da lei galega de violencia machista en Galicia

Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2020 12:06:47
Nº Rexistro: 60757
Data envío: 02/01/2020 12:06:47.528

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento a través de denuncias de particulares así como da AGAMME (Asociación Galega contra o Maltrato a Menores) da apertura dun centro de atención a familias separadas creado en colaboración coa Asociación de Pais Nais Separados de Galiza co apoio económico de cando menos a Consellaría de Política Social da Xunta de Galiza.

Consideramos esta unha situación grave e que debe ser corrixada de forma inmediata, pois supón un risco para as e os menores, un risco evidente de favorecer e agravar de situacións de violencia machista e baséase na promoción do denominado síndrome de alienación parental. Cómpre recordar que esta última cuestión supón unha nova manifestación do patriarcado, que carece de fundamentos no ámbito científico internacional e mesmo foi rexeitado pola OMS e polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial. Trátase dunha forma máis de violencia machista que non pode ser asumida, promocionada ou dulcificada por parte das administracións públicas.

Así mesmo, cómpre lembrar que en xaneiro de 2019 diversas organizacións sociais do noso país, como a Asociación Galega contra o Maltrato a Menores





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2020 12:06:47
Nº Registro: 60757
Data envío: 02/01/2020 12:06:47.528

(Agamme), a Marcha Mundial das Mulleres (MMM), o Sindicato Labrego Galego (SLG), a Rede de Mulleres Veciñais de Vigo, a Asociación de Axuda a Vítimas de Agressións Sexuais do Baixo Miño (Adavas Baixo Miño), o Observatorio da Mariña pola Igualdade, a Asociación Fuco Buxán e a Asociación de Profesionais dos CIM de Galiza dirixíronse aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego para denunciar a manipulación que se está a facer da figura do coordinador parental e que desde este Grupo asumimos plenamente.

Por outra banda, desde o Bloque Nacionalista Galego rexeitamos que o atendimento das e dos menores nunha situación de conflito como é unha separación recaia nunha organización de parte como é a de Pais e Nais Separados de Galiza, con posicionamentos políticos favorables á imposición da custodia compartida (como demostra a ILP rexistrada e debatida no Parlamento de Galiza á que o noso grupo deu o voto en contra en solitario) e contrarios aos avances en materia de violencia machista, como demostra o seu recente recurso ao Tribunal Constitucional respecto do Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero poñendo en dúbida medidas xa consolidadas en Galiza como a non necesidade de denuncia xudicial para a acreditación da condición de vítima de violencia machista.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Por que favorece a Xunta de Galiza un organismo que favorece a implantación da coordinación parental?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que impulsa a Xunta de Galiza un organismo que favorece a lexitimación do inexistente síndrome de alienación parental?

Considera a Xunta de Galiza que é compatíbel a apertura do SAFIM cos consensos impulsados arredor da lei galega de violencia machista no noso país?

Considera que unha asociación de parte e contraria aos avances en materia de violencia machista é a adecuada para estes fins?

Considera a Xunta de Galiza adecuado relegar funcións que deben corresponder a organismos públicos e especializados a organismos sen control e vixilancia como este? É consciente o goberno galego de que nun servizo destas características tanto a selección de persoal como as decisións sobre a situación laboral das persoas traballadoras queda en mans da propia asociación?

Cales son os motivos da Xunta de Galiza para chegar a este punto? Contaron con informe da Secretaría Xeral de Igualdade? E do Observatorio Galego da Violencia de Xénero?

Parécelle adecuado á Xunta de Galiza que os impostos das e dos galegos vaian para promover organismos negacionistas da violencia machista nun contexto no que os posicionamentos abertamente fascistas están a entrar en todas as institucións?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2020 12:06:47
Nº Registro: 60757
Data envío: 02/01/2020 12:06:47.528

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2020 12:05:23

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2020 12:05:31

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2020 12:05:36

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2020 12:05:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2020 12:05:51

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2020 12:06:00

CSV EXISTENTE: snpRWM1
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 22.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 22.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 58458(10/PNC-004662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa normalización lingüística na Administración de
xustiza

Publicación da iniciativa, 560, 13.11.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:30
Nº Rexistro: 58458
Data envío: 05/11/2019 16:30:30.695

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e María Teresa Porrirt Lueiro**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán. Tamén ten unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. O artigo 7.3 da lei dispón que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza e o 7.2 que a parte ou interesado/a terá dereito a que se lle notifique na lingua oficial que elixa. O que significa que tamén ten dereito a solicitar que os órganos xurisdiccionais diten sentenzas en galego. Cremos que o poderían facer as persoas que compoñen a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Porque o uso da lingua galega na Xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando se lle piden expresamente ao Goberno. Así o ten feito este Grupo Parlamentario, obtendo como resposta vaguidades:

- 1) O servizo de tradución corre a cargo dos equipos lingüísticos existentes na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como nas sedes das audiencias provinciais de Pontevedra, Lugo e Ourense. Tamén existen outros equipos de apoio nos decanatos dos xulgados de Santiago e de Vigo e un departamento de coordinación dos equipos lingüísticos na Dirección Xeral de Xustiza. Estes profesionais non só traducen, senón que tamén desenvolven tarefas de asesoramento, resolución de dúbidas ou elaboración de material de consulta.
- 2) No que atinxe á actividade dos letrados e letradas da Xunta de Galicia, coidarase especialmente que as actuacións da Asesoría Xurídica que se produzan fronte aos órganos xurisdiccionais radicados no territorio de Galicia se realicen en galego.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO0eYdAzV5Ia8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:30
Nº Rexistro: 58458
Data envío: 05/11/2019 16:30:30.695

- 3) Por último, no que se refire a sentenzas e documentación xudicial, a xestión e custodia destes documentos corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

Resulta cando menos curioso que, pese a telo aprobado como proposta de resolución no Debate do Estado de Autonomía do ano 2018, ningunha partida dos Orzamentos para 2020 faga referencia, conforme mesmo recomenda o IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias. Unha partida inexistente dificilmente vai facer cumprir estas propostas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implicar ao persoal que actúa representando á Xunta de Galicia no uso da lingua galega en todos os procedementos procesuais, dando orde de que en todas as súas actuacións sexa invocado o artigo 7.2 da Lei de normalización lingüística de 1983, de que soliciten que os expedientes sexan remitidos á Xunta de Galicia en galego e de que inclúan a petición de que os órganos xurisdicionais diten sentenza en galego.

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
María Teresa Porrirt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/11/2019 16:18:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:30
Nº Registro: 58458
Data envío: 05/11/2019 16:30:30.695

María de la Concepción Burgo López na data 05/11/2019 16:18:15

María Teresa Porritt Lueiro na data 05/11/2019 16:18:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2019 16:18:45

CSV REGISTRO yd4zV6Ia8
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 22.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 59814(10/PNC-004773)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación co cumprimento da normativa vixente en materia de
linguaxe inclusiva

Publicación da iniciativa, 576, 13.12.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 13:09:42
Nº Rexistro: 59814
Data envío: 05/12/2019 13:09:42.873

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Paula Quinteiro Araújo e Carmen Santos Queiruga e do seu deputado Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª**.

Exposición de motivos

O uso da linguaxe inclusiva, non sexista, é unha necesidade cara a erradicación da violencia simbólica que se exerce contra as mulleres cando non se nomean, ou cando se usa unha linguaxe excluín-te.

A linguaxe sexista e a aparición de estereotipos á hora de falar de mulleres e de temas relacionados con estas, moitas veces de forma involuntaria, pola falta de coñecementos e o arraigamento de prexuízos, debe ser vista como violencia simbólica contra as mulleres. Só un esforzo colectivo de todos e todas pode mudar a situación actual.

Debemos dar máis pasos no referente á linguaxe nos textos oficiais e nos textos lexislativos. As institucións deben comunicarse coa cidadanía facéndolle ver que todas forman parte, non só todos. Toda comunicación pública debe incorporar o feminino e o neutro, e non o masculino usado como tal, porque non o é.

Desde logo incorporar melloras na comunicación inclusiva debe ter unha incidencia moi especial nos medios de comunicación e na relación da administración con eles, polo que é especialmente importante regular isto e facer seguimento real nos medios de comunicación, especialmente na CRTVG.

CSM-REXISTROOKIYNZis6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 13:09:42
Nº Rexistro: 59814
Data envío: 05/12/2019 13:09:42.873

Comunicarse de forma inclusiva abrangue ademais usar iconografía axeitada, medir a presenza equilibrada en toda comunicación pública como institución.

A vontade demóstrase con feitos, corrixir os textos legais, producir comunicación pública inclusiva, falar de xeito inclusivo etc, pero sobre todo facer seguimento e marcar obxectivos reais.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o cumprimento da normativa sobre linguaxe inclusiva implementando prazos de cumprimento e procedementos sancionadores, de non respectarse.
2. Implantar observatorios de comunicación sexista na comunicación propia e allea onde se podan impoñer denuncias que se resolvan mediante procedementos sancionadores.
3. Abrir unha liña de subvencións para facilitar os cambios na iconografía excluínente ou discriminatoria para as empresas privadas.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 13:09:42
Nº Rexistro: 59814
Data envío: 05/12/2019 13:09:42.873

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 05/12/2019 13:01:10

Marcos Cal Ogando na data 05/12/2019 13:01:25

Carmen Santos Queiruga na data 05/12/2019 13:01:41



CSX, REXISTRODIXITALIZ66

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 22.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

3.3 60310(10/PNC-004828)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre os medios dos que dispoñen os concellos de Alta Montaña para facer fronte ás nevadas, estudando solucións e alternativas

Publicación da iniciativa, 584, 07.01.2020



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 1.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das facianas da seguridade pública é a configuración dun sistema de protección da poboación ante toda caste de incidentes, emerxencias, catástrofes ou calamidades públicas. Trátase de evitar, reducir ou corrixir os danos que estes poidan ocasionar ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.

A Xunta, coa coartada da autonomía municipal e a subsidiariedade da acción pública, traslada as súas responsabilidades aos concellos, aos que non fornece de estratexia xeral e de recursos suficientes.

O Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) establece como un dos riscos naturais as nevadas, por poder producir o illamento de núcleos de poboación e danos en bens.

Xunta, Deputacións, Administración Central e Concellos van da man, dentro das súas competencias, na protección da seguridade nas estradas cando chega o inverno.

O pasado 16 de decembro, a Delegación do Goberno en Galicia activaba na súa fase de Alerta por nevadas o Plan de Vialidade Invernal na Rede de Estradas so Estado das provincias de Lugo e Ourense. Esta medida adoptase ante as predicións emitidas pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) e actualízase en función dos partes meteorolóxicos que emita a AEMET.





Este Plan de Vialidade Invernal do goberno galego, posto en marcha a principios do mes de decembro e que estará activo ata o 30 de abril, implica a posta a disposición de diferentes medios, tanto humanos como materiais, incluíndose a maquinaria da conservación común que se emprega como reforzo na tempada de vialidade invernal.

Segundo indican, grazas á posta en marcha deste Plan a Xunta terá coñecemento dos problemas que poidan xurdir en épocas de inclemencias meteorolóxicas adversas, o que permitirá a toma de decisións máis idóneas para cada situación a tempo. Tamén poderá, aseguran, dar solución aos problemas e á eliminación de riscos nas estradas.

A provincia de Ourense, con 102 estradas da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, é a que ten máis vías autonómicas susceptibles, por altitude, de rexistrar incidentes por neve ou xeo. En total 453 km , que supoñen un 44% da súa rede autonómica, ás que hai que sumarllas as de titularidade da deputación e municipais.

Ante a alerta laranxa por neve prevista para o pasado luns, 16 de decembro, o alcalde de San Xoán de Río, Xosé Miguel Pérez Blecua, lembrou unha petición que lle veñen facendo ás administracións dende o verán: unha máquina quitaneves.

Aseguraba o rexedor que no mes de agosto solicitaron ás institucións un quitaneves para preparar a época invernal e que as respostas foron ou que “a quen se lle ocorre pedir un quitaneves no verán” ou que “queda tempo de sobra e xa se vos dará cando chegue o inverno”.

A realidade é que se houbo tres nevaradas de alerta amarela no pasado mes de novembro, a do 16 de decembro foi a primeira de alerta laranxa, e no concello de San Xoán de Río seguen sen quitaneves para a rede viaria local.

Con data de 23 de setembro de 2019, o alcalde de San Xoán de Río dirixía un escrito ao Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas





e Xustiza, Alfonso Rueda, que tiña por asunto a solicitude de equipamento “Cuchilla-Quitaneves”.

No citado escrito afirmaba que de cara a planificar o plan invernal 2019–2020, e dado que o concello de San Xoán de Río é de Alta Montaña, como outros do Macizo Central ourensán, pois a súa altitude xeográfica estímase nos 900 m., estando algunhas parroquias a máis de 1000, e as comunicacións entre as parroquias que pertencen ao concello abranguen máis de km. de estradas que se fan intransitables e perigosas no período invernal debido ás fortes nevadas, as labores para a subsanación das inclemencias meteorolóxicas veríanse reforzadas moi positivamente cun equipamento axeitado, polo que solicitaban a Vicepresidencia unha cuña ou “cuchilla quitaneves” para instalar no vehículo “bomba forestal” cedido no mes de xaneiro de 2019 polo Consorcio Provincial de Ourense.

O escrito remitíuselle tamén na mesma data á Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), mais ningún dos organismos atendeu a súa solicitude.

No mesmo senso, solicitaron á Xunta, no mes de novembro, que mentres non se arranxe a situación, envíe para a montaña de Ourense (pois non está unicamente San Xoán de Río nesta situación, padecéndoa tamén outros concellos como A Pobra de Trives), os quitaneves da provincia de Pontevedra que non estean afectados por estas alertas, para limpar a rede viaria local e garantir a seguridade viaria dos condutores na época invernal de climatoloxía adversa.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Mapear os medios dos que dispoñen os concellos de Alta Montaña para facer fronte ás nevadas, estudando solucións e alternativas para ofrecer aos que teñan carencias.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:36:28
Nº Registro: 60310
Data envío: 20/12/2019 13:36:28.557

2.- Entregar ao Concello de San Xoán de Río unha cuña/cuchilla quitaneves de cara a protexer á poboación e dispoñer de medios para facerlle fronte ás nevadas.

3.- Poñer a disposición do Concello de A Pobra de Trives unha máquina quitaneves para limpar as estradas de titularidade municipal.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Deputado, deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 20/12/2019 13:29:01

Paula Vázquez Verao na data 20/12/2019 13:29:17

Luis Villares Naveira na data 20/12/2019 13:29:29

CSV REGISTRO de validación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

